



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VALGA PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO PARA O CENTRO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (CODI) DO CONCELLO DE VALGA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Valga o instrumento fundacional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convenial ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Valga para o financiamento da adquisición dun vehículo de transporte adaptado o Centro Ocupacional para persoas con Discapacidade (CODI) do Concello de Valga, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Valga, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 14.7.2006, conta cun Centro Ocupacional para persoas con discapacidade (en diante CODI), no que se presta atención a





persoas con discapacidade funcional, e se desenvolven talleres, actividades formativas, terapia ocupacional e obradoiros de reciclaxe de aparatos eléctricos e electrónicos, musicoterapia, estimulación cognitiva ou manualidades, entre outros.

A este centro asisten diariamente persoas usuarias de diferentes lugares de Valga e tamén doutros concellos da bisbarra, que fan necesario dotar a este dun servizo de transporte adaptado a persoas con mobilidade reducida ou discapacidade co fin de poder trasladalas ao centro así como realizar desprazamentos con elas cando sexa necesario.

Co fin de dotar aos usuarios do CODI de Valga dun servizo de transporte adaptado a persoas con mobilidade reducida ou discapacidade co fin de poder trasladalas ao centro así como realizar desprazamentos con elas cando sexa necesario, resulta necesario a adquisición dun vehículo adaptado a persoas con mobilidade reducida ou discapacidade. Todo isto, co fin posibilitar unha adecuada atención ás persoas usuarias do CODI de Valga e mellorar a atención a estas persoas dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para o financiamento da adquisición do devandito vehículo adaptado a persoas con mobilidade reducida ou discapacidade co cal poder trasladar aos usuarios/as do CODI de Valga, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento desta adquisición, posibilitando así unha mellor calidade na atención que se presta no devandito centro.

Considérase polo tanto idóneo o financiamento desta actuación necesaria neste centro municipal nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas usuarias do centro prestando un servizo público de calidade a través do CODI de Valga, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.





Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando esta xerencia que a necesidade da adquisición dun vehículo de transporte adaptado para o CODI do Concello de Valga e o interese común de resolver a problemática do acceso ao centro, posibilitando unha mellor atención ás persoas que son usuarias deste servizo, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento da referida actuación, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se ditén en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Valga para a adquisición do vehículo de transporte adaptado un importe máximo de 66.682,50 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou





doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

